



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A BAÑA

*Convocatoria selección personal - Bolsa de emprego temporal Educadora Familiar 2022*

#### ANUNCIO

**Asunto: Aprobación de Bases para a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de educadora familiar do Concello da Baña (A Coruña)**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria realizada con data do 10 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo que deseguido se transcribe:

#### “3. Persoal

**3.2. APROBACIÓN DE BASES PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA).**

Expte. TEDEC: 2022/E001/000002. (Persoal).

Expte. TEDEC: 2022/G007/000002 (Xunta de Goberno).

Expte. TEDEC: 2022/G006/000017 (Proposta).

Visto que o Concello da Baña conta cunha traballadora en réxime laboral grupo I, Nivel 1, adscrito ó departamento de servizos sociais en calidade de educadora familiar.

Visto que para a eficiente xestión dos recursos humanos do Concello, a Alcaldía opta pola conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de educadora familiar como persoal laboral temporal do concello da Baña (A Coruña)

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría referida resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ó Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para solventar as ausencias prolongadas do seu persoal ó non dispor este Concello de medios propios que poidan atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ó servizo desta entidade local obxecto da bolsa de persoal de referencia.

Visto o informe de secretaría-intervención obrante no expediente.

Examinada a documentación, a Xunta de Goberno Local en virtude da competencia que lle ten sido delegada mediante resolución de Alcaldía con número de Decreto 16/2022, de 17 de xaneiro de 2022, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**Primeiro:** Aprobar as bases que rexerán a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal laboral temporal de educadora familiar do concello da Baña (A Coruña).

**Segundo:** Se lle dea traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación así como a súa notificación ós terceiros interesados que obren no expediente.

#### ANEXO

**BASES PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE EDUCADORA FAMILIAR DO CONCELLO DA BAÑA (A CORUÑA).**

Expte. TEDEC: 2022/E001/000002.

#### 1.- OBXECTO.

**1.1.** É obxecto das presentes bases a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de educadora familiar do Concello da Baña (A Coruña), en función das necesidades do servizo, mediante contrato laboral temporal de interinaxe cunha xornada do 100%, cuxas características son:

**Grupo: 1; nivel 1: Educadora Familiar.**

**1.2.** O sistema selectivo elixido é o de concurso-oposición libre.

**1.3.** Ó presente proceso selectivo seralle de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores. a Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Texto Refundido da Lei de Igualdade das mulleres de Galicia, Ley 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidade do persoal ó servizo das Administracións Públicas, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e as bases da presente convocatoria, así como a normativa sectorial correspondente.

**1.4.** As funcións a desenvolver serán as correspondentes a titulación requirida na área de Servizos Sociais do Concello da Baña agás naqueles supostos de execucións de programas de carácter temporal, que poderán axustarse ao contido do programa. Entre as funcións referidas atópanse as seguintes:

- Visitas a domicilio e seguimento das familias, obxecto de intervención, con menores a cargo.
- Elaboración de informes sociofamiliares.
- Realización de campañas de sensibilización e intervención sociocomunitaria.
- Elaboración e posta en marcha de obradoiros nos centros educativos e promovidos polo Concello.
- Coordinación cos axentes sociais que interveñen no plan de traballo (centros educativos, centros de saúde, asociacións, entidades sociais...).
- Control e seguimento da execución e cumprimento dos obxectivos enmarcados nos programas de educación familiar e igualdade.
- Elaboración de memorias técnicas descritivas do traballo realizado en cada un dos casos e para cada unha das situacións.
- Colaboración en actividades que permitan a conciliación laboral e a integración social.
- Xestión administrativa da súa área.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.

**2.- REQUISITOS.**

**2.1.** Para ser admitidos no proceso selectivo, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- a) Estar en posesión da capacidade funcional para o desenvolvemento e desempeño das tarefas.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- c) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- d) Estar en posesión do título de graduado/a en Educación Social, graduado/a en Pedagogía ou graduado/a en Psicología.
- e) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento.

f) Carné de conducir. Dado que entre as tarefas ou funcións atribuídas aos posto están incluídas a realización de visitas domiciliarias e realizar seguimento de casos, os/as aspirantes deberán estar en posesión de carné de conducir tipo B.

As persoas con discapacidade igual ao superior ao 33 por cento deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de discapacitado acreditarase mediante certificación expedida por organismo competente.

**2.2.** Os requisitos establecidos nestas bases deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse ata a formalización do contrato laboral.

Será nula a contratación das persoas que estean incursas en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

### **3.- INSTANCIAS.**

**3.1.** As instancias solicitando tomar parte nas probas selectivas dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente e nelas cada aspirante deberá manifestar que reúne todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, referidas sempre á data de expiración do prazo de presentación de instancias.

**3.2.** As solicitudes presentaranse no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte á última publicación da convocatoria nos seguintes medios: Portal de transparencia e Taboleiro de Anuncios do Excmo. Concello da Baña e Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello da Baña, en días laborables e en horario de oficina, ou ben en calquera dos lugares previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**3.3.** Os solicitantes deberán unir á instancia a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- g) Fotocopia compulsada do título académico requirido.
- h) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos a valorar na fase de concurso.
- i) Fotocopia compulsada do carné de conducir tipo B.
- j) CELGA 4 ou equivalente. De non aportarse, a persoa aspirante deberá superar unha proba de coñecemento unha vez finalizadas as probas do proceso selectivo.

### **4.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

**4.1.** Expirado o prazo de presentación de instancias ó que se refire o punto anterior, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello <https://sede.concellodabana.gal>

**4.2.** Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 5 días de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, poderán corrixir os defectos ós que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

*4,3 Se non se presentasen reclamacións á lista provisional, considerarase esta definitiva.*

*4,4 No suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello da Baña: <https://sede.concellodabana.gal>*

### **5.- PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

**5.1.** A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-oposición libre. Constará, polo tanto, de dúas fases. A fase de concurso valerá un 40%, a de oposición o 60%.

#### **5.2. FASE DE CONCURSO. Máximo 8 Puntos.**

**5.2.1.** A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición.

**5.2.2.** O Tribunal reunirse con carácter previo á celebración do primeiro exercicio, para valorar os méritos da fase de concurso. A resolución resultante desta valoración conterà para cada aspirante a puntuación global obtida na fase de concurso e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación.

### 5.2.3. Os méritos a valorar serán os seguintes:

#### a) Experiencia profesional:

- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados no ámbito dunha Entidade Local, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,30 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.
- Por cada mes completo, ou fracción superior a quince días, de servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas, distintas dunha Entidad Local, en prazas iguais ou similares á que se opta, acreditado mediante a correspondente certificación expedida polo organismo ou ente público competente. Puntuación: 0,15 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.
- Por cada mes completo, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados en empresa pública ou privada en posto igual ou similar ó que se opta, que deberán ser suficientemente acreditados a través de certificado de cotizacións á Seguridade Social (informe de vida laboral) e contratos. Puntuación: 0,05 puntos por mes ou fracción superior a 15 días.

Ós efectos das presentes bases por servizos prestados entenderanse os realizados en virtude de contrato laboral ou administrativo, reducíndose proporcionalmente, nu seu caso, o prestado a tempo parcial. Serán aceptados aqueles documentos que acrediten de forma fidedigna a experiencia profesional. En calquera caso, as persoas aspirantes deberán achegar informe de vida laboral actualizado.

A máxima puntuación a obter neste apartado 5.2.3.a) é de 5 puntos.

#### b) Formación:

- Cursos de formación: Valoraranse os cursos de formación, recibidos e/ou impartidos, acreditados nos últimos dez anos e ata a data de publicación desta convocatoria, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do Corpo ó que se pretende acceder e que teñan sido convocados, impartidos ou homologados polo Instituto Nacional de Administración Pública, por outros Institutos de Administración Pública ou por Organizacións Sindicais ou outros axentes promotores dentro do marco do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas:
  - De 21 a 50 horas de duración: 0,20 puntos.
  - De 51 a 100 horas de duración: 0,40 puntos.
  - De 100 horas en diante: 0,60 puntos.
  - linguaxe administrativo medio: 0,25 puntos.
  - linguaxe administrativo superior: 0,50 puntos.

En tódolos casos valoraranse unha soa vez os cursos relativos a unha mesma materia, aínda que se teña repetido a súa participación, e valorarase unicamente o de nivel superior ou avanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración. Así mesmo, non se valoraran os inferiores a 21 horas lectivas, os pertencentes a unha carreira universitaria, os de doutorado, os derivados de procesos selectivos e os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

A documentación que acredite os cursos de formación a valorar acompañarase ó certificado de requisitos e méritos. A efectos de determinar a relación do curso ou xornada co posto de traballo, atenderase ó contido do programa do mesmo.

A máxima puntuación a obter neste apartado 5.2.3.b) é de 1,50 puntos.

#### c) Título.

Estudos universitarios oficiais, que non se correspondan coa titulación esixida para acceder ó proceso de selección, a puntuación que corresponde neste apartado será, por titulacións distintas a mencionada:

- Master universitario relacionado co posto de traballo (exemplo intervención/educación familiar): valorase en 0,60 puntos.
- Postgrao universitario relacionado co posto de traballo (exemplo intervención/educación familiar): valorase en 0,60 puntos.
- Posuír habilitación sanitaria: 0,30 punto máximo.

A máxima puntuación neste apartado é de 1,50 puntos.

### 5.3. FASE DE OPOSICIÓN. Máximo 12 Puntos.

5.3.1. A fase de oposición consistirá na realización dunha proba tipo test cun cuestionario de 48 preguntas con repostas alternativas, 3 opcións de resposta, sobre as materias obxecto de temario, nun tempo máximo de 50 minutos. A puntuación será de 0 a 12 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 6 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,25 e cada pregunta incorrecta restara 0,05. As preguntas non contestadas ou en branco non restaran.

5.3.2. O programa que rexerá estas probas selectivas é o que figura publicado como Anexo I.

5.3.3. A data e lugar na que se celebrará a proba anunciarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello.

5.3.4. Os aspirantes serán convocados en chamamento único (empezando pola letra cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», atendendo a estes efectos á ordenación alfabética resultante do listado de aspirantes admitidos. No suposto de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra «V», a orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «W», e así sucesivamente segundo Resolución do 23 de xullo de 2021, da Secretaría de Estado de Política Territorial e Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo ó que se refire o *“Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración del Estado”*, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, agás causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

5.3.5. En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

5.4. O aspirante que tendo superado as fases de concurso e de oposición, tivese obtido a cualificación total máis alta como resultado da suma das puntuacións obtidas nesas fases e a condición de apto na proba de coñecemento da lingua galega, será a persoa proposta para encabezar a bolsa de emprego.

5.5 No caso de empate priorizarase a puntuación obtida na Fase de oposición, de persistir este, daráselle prioridade á puntuación obtida na Fase de concurso. En último extremo, o empate será resolto mediante sorteo.

5.6 Os candidatos que superasen as Fases de concurso, oposición e coñecemento da lingua galega, pasarán a formar parte da bolsa de traballo para futuras contratacións temporais.

### 6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1. O Tribunal Cualificador estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

- Un Presidente: Un/unha funcionario/a de carreira da corporación designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Un Secretario: Un/unha funcionario/a de carreira da corporación designado/a polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.
- Tres Vogais: Funcionarios/as de carreira ou laborais pertencentes a unha administración local designados/as polo Alcalde con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria.

6.2. Non poderán formar parte do Tribunal: o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, e o persoal eventual, conforme ó disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A pertenza ó Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

6.3. O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, que deberán limitarse ó exercicio da súa especialidade técnica, e cuxo réxime de retribucións determinarase na resolución que acorde a súa designación. Así mesmo, poderá contar cun colaborador administrativo, con voz e sen voto, asimilado a Vogal ós exclusivos efectos da súa retribución.

6.4. Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no art. 13 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, calquera aspirante poderá recusa-los, cando concorran algunha das referidas circunstancias.

6.5. O Tribunal só poderá actuar validamente coa asistencia, en todo caso, do Presidente, dos Vogais e do Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións aparecidas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. Porén, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles estas para elo.

**6.6.** As resolucións do Tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión conforme ó previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o “Regulamento General de Ingreso del Personal al servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Postos de Trabajo y Promoción Profesional de los funcionarios Civiles de la Administración General del Estado”.

**6.7.** En tanto se manteña a situación sanitaria derivada da COVID-19 e co propósito de conciliar o dereito á protección da saúde cos principios de igualdade, mérito e capacidade, que rexen o acceso á función pública, así como o de axilidade no desenvolvemento dos procesos selectivos, habilitase ó Tribunal Cualificador para a adopción de cantas instrucións ou resolucións sexan precisas no transcurso e desenvolvemento das probas ou dalgunha das súas fases, incluídos a forma, o procedemento e a orde de actuación dos aspirantes.

As persoas que presenten síntomas compatibles coa COVID-19 a xuízo dun médico colexiado, que se lles diagnosticase a enfermidade e non finalizaran o período de illamento prescrito metodicamente (se o houber), ou que se atopen en período de corentena domiciliaria (no caso de que se establecese normativamente), ordenada pola autoridade sanitaria, por ser contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19, deberán cumprir coas instrucións ditadas polo Tribunal cualificador de acordo co establecido no parágrafo anterior.

Os aspirantes que se atopen nalgunha das situacións indicadas no apartado anterior deberán comunica-la súa situación, tan cedo como a coñezan, i en todo caso con carácter previo ó día e hora de inicio de celebración do exame, e aportar a documentación acreditativa ó Tribunal cualificador, tan pronto como dispoñan dela, e nun prazo que non poderá ser superior a dous días hábiles dende o día de comunicación da situación, polo medio que se indique, para a súa valoración e no seu caso, para a convocatoria do exame nunha data posterior. Non se valorarán aquelas situacións comunicadas con posterioridade á hora de inicio da celebración do exame, ou cuxa documentación acreditativa se aporte despois de transcorridos dous días hábiles dende a comunicación da situación. No caso de consideralo preciso, o Tribunal, co obxecto de garantir os principios de libre concorrencia, igualdade e non discriminación, así como o normal desenvolvemento do proceso selectivo, poderá determinar a realización dun exame extraordinario que será anunciado mediante resolución. A realización desta proba extraordinaria non poderá implicar unha demora que menoscabe o dereito do resto dos aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo Tribunal cualificador.

## **7. RELACIÓN DE APROBADOS E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

**7.1.** Rematada a cualificación dos/as aspirantes o Tribunal publicará a relación de aprobados/as pola orde de puntuacións e elevará dita resolución ó Presidente da Corporación para que formule o nomeamento pertinente.

**7.2.** Publicada a relación de aprobados, o Concello da Baña xestionará a bolsa de emprego segundo as necesidades do servizo. Detectada dita necesidade cursarase comunicación ós membros da bolsa de emprego por estrita orde decrecente en base á puntuación obtida nas probas selectivas. As persoas incluídas na relación de aprobados contarán cun prazo de tres días naturais para cumprir coa obriga de comunicar a aceptación de prazas ou para manifestar expresamente o seu rexeitamento da oferta. Este prazo de tres días hábiles poderá reducirse a 24 horas si se declara expresamente a urxencia na cobertura da praza.

**7.3.** A bolsa de emprego resultantes deste proceso selectivo terá unha vixencia permanente ata a vindeira convocatoria da mesma ou ata que expresamente se acorde a súa caducidade.

## **8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

**8.1.** O aspirante proposto aportará ante o Excmo. Concello da Baña, dentro do prazo de tres días naturais dende que se faga pública a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Fotocopia compulsada de D.N.I.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir tipo B.
- Copia autentica ou fotocopia, que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, da titulación esixida.
- Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función a desempeñar, expedido por facultativo competente.
- Declaración xurada, ou promesa de, non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

- Os aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza, mediante certificación expedida polo organismo competente

**8.2.** Quen tivese a condición de funcionario estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da Administración Pública da que dependa, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten no seu expediente persoal.

**8.3.** Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade na súa instancia.

## **9. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN. CONTRATO LABORAL.**

**9.1.** Concluído o proceso selectivo e aportados os documentos a que se refire a fase anterior, o Sr. Alcalde, de acordo coa proposta do Tribunal Cualificador, procederá a formalizar o contrato laboral temporal de interinidade, cun período de proba de 20 días, iniciando a prestación laboral no prazo de 1 día hábil dende a formalización do contrato.

**9.2.** Quen, sen causa xustificada, non compareza para a formalización do contrato no prazo sinalado, perderá tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

## **10. RETRIBUCIÓNS:**

A retribución será a que corresponda a persoa substituída, no presente caso, posto de educadora social, sen incluír a antigüidade da persoa a substituír, que serán as seguintes:

Salario base: 1.645,20 €.

Pagas extras: 2 ó ano.

## **11. IMPUGNACIÓN**

Contra a resolución de aprobación das presentes bases, que poñen fin á vía administrativa, poderase interpor os recursos que se expresan a continuación:

De reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar dende o seguinte día hábil á recepción da súa notificación, ante o mesmo órgano municipal que ditou o acto impugnado, conforme ó establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de acordo co disposto no art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Ou ben interpor directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpor previamente o recurso de reposición potestativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

No caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpor o recurso contencioso – administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime adecuado.

## ANEXO I.- TEMARIO.

TEMARIO PARA A PRAZA DE EDUCADOR/A SOCIAL	
Tema 1	A Constitución Española de 1978. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
Tema 2	A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Interesados no procedemento. Actividade da administración, Actos administrativos. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
Tema 3	O Municipio, Lei de Bases de Réxime Local, 7/1985, de 2 de abril: concepto y elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia o empadramento. A organización. Competencias municipais.
Tema 4	Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de Outubro e a Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
Tema 5	Políticas de igualdade de xénero. Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I. O título I de la Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
Tema 6	O título I de la Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
Tema 7	Prevención de riscos laborais. Disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo. Normas básicas de seguridade e saúde laboral.
Tema 8	A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: principios xerais e obxecto da lei.
Tema 9	O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios en Galicia e o seu financiamento.
Tema 10	A Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar: definición, finalidade e desenvolvemento das actuacións de mediación.
Tema 11	A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
Tema 12	A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
Tema 13	Definición, obxectivos e contidos do Programa de Educación Familiar.
Tema 14	Competencia e función do/a Educador/a Familiar.
Tema 15	Técnicas e instrumentos na Educación Familiar. Modelos de intervención, metodoloxía e avaliación.
Tema 16	Habilidades e técnicas de intervención. Habilidades sociais do/a educador/a familiar para a intervención con menores.
Tema 17	A ética profesional no ámbito da Educación Familiar.
Tema 18	Sistema familiar. Dinámica familiar. Ciclo vital familiar e crises evolutivas asociadas.
Tema 19	A derivación a outros programas municipais ou a outros sistemas de protección social.
Tema 20	O Plan de Traballo con familias multiproblemáticas.
Tema 21	A entrevista no Programa de Educación Familiar. Modelos de entrevista.
Tema 22	O informe psicosocial e o informe sociofamiliar.
Tema 23	Estratexias na resolución de conflitos.
Tema 24	A educación en igualdade. Normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.
Tema 25	A violencia de xénero. Programas de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero.
Tema 26	O absentismo escolar. Protocolos de actuación.
Tema 27	O Plan Estratéxico da Infancia e da Adolescencia na Comunidade Autónoma de Galicia.
Tema 28	Acoso escolar. Protocolos e intervención.
Tema 29	Acollemento familiar. Intervención socioeducativa. Acollemento residencial. Intervención socioeducativa. Función e obxectivos do acollemento residencial. Elaboración e seguimento do proxecto educativo individual (P.E.I.).
Tema 30	Intervención familiar con alcoholismo na familia; pautas de intervención.
Tema 31	Interculturalidade. Intervención socioeducativa na diversidade cultural. Servizos e recursos.
Tema 32	A educación de adultos non regulada. Normativa actual e recursos.
Tema 33	Educación para a saúde: Principios, estratexias e programas.
Tema 34	A intervención socioeducativa con persoas maiores: a atención centrada na persoa. Programas, proxectos e recursos.
Tema 35	Diversidade funcional. Recursos sociais e comunitarios. Elaboración, execución do proxecto socioeducativo individualizado e documento para o desenvolvemento de programas.
Tema 36	Animación Sociocultural. Estratexias de intervención comunitaria e habilidade sociais.
Tema 37	Situacións de risco nos Servizos Sociais Comunitarios. Diagnóstico e intervención.

A Baña, 16 de marzo de 2022

O alcalde, José Andrés García Cardeso

2022/1388